

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	5º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

Programación didáctica para a área de Ciencias Sociais de 5º de primaria.

O marco legal desta programación é:

- Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de avaliación do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa da avaliación na ensinanza de educación primaria.
- Orde de atención á diversidade, do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011.
- Orde de 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o decreto 155/2022.

Este centro está ubicado nun concello de tamaño pequeno en canto á poboación, e con moita dispersión. A actividade económica basease en pequenas empresas de distintos sectores e na actividade agraria con diversas explotacións hortícolas, destacando o sector de cultivo de oliveiras para a produción de aceite, así como o vitivinícola. Tamén hai no municipio empresas de extracción de lousa. Nos últimos anos está adquirindo gran importancia o sector turístico debido ao privilexiado enclave do noso concello xa que forma parte da Ribeira Sacra e do Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel.

O Concello conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, a Casa da Cultura, o Auditorio Municipal, así como diferentes lugares para o lecer como o paseo fluvial, parques, campo de fútbol e pistas multideporte. Hai que destacar a existencia de dous museos importantes: o Etnográfico e o Xeolóxico.

Esta programación desenvolverase nun centro educativo no que hai matriculados aproximadamente 100 alumnos e alumnas de primaria e que conta cunha unidade para cada nivel de Primaria, agás 2º de EP que ten dúas.

O colexio, que ten horario de xornada mixta, de 9:45 a 16:30 (os luns) e de 9:45 a 14:35 (os martes, mércores, xoves e venres), dispón de comedor e servizo de transporte escolar. Asimesmo, contamos con Seccións Bilingües en 1º, 2º, 3º e 4º de primaria na área de Educación Plástica e Visual. Temos adxudicada unha auxiliar de conversa. Cóntase tamén con outros recursos, como unha biblioteca incluída en PLAMBE, que é ademais espazo multiusos para obradoiros, actividades culturais. No centro participamos en diversos programas: EDIXGAL, INCLÚE, Plan Proxecta e PROA +.

O grupo de 5º de primaria está integrado por 17 alumnos e alumnas (11 nenos e 6 nenas).

Somos un colexio E-DIXGAL, e polo tanto, cos recursos vinculados a este modelo. Os ultraportátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado, nun contorno de aula virtual configurada con elementos aportados por recursos da plataforma e tamén de elaboración por parte do equipo de mestres/as do nivel. Serán complementados con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula.

A área de Ciencias Sociais, ten como obxectivo que as nenas e nenos cheguen a ser persoas respetuosas, responsables e activas coa súa contorna próxima e afastada. Isto supón afondar no coñecemento de sí mesmo e da contorna que o rodea, adaptándose a ela e sendo capaz de contribuir ao seu avance e conservación. Por iso o alumnado debe adquirir os coñecementos, destrezas e actitudes que teñan relación co uso seguro e fiable das fontes de información e coa educación para o desenvolvemento sustentable.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

Así pois, estruturamos esta área en 4 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- Ciencia e tecnoloxía.
- O mundo e o desenvolvemento sustentable.
- Vivir en sociedade.
- Leccións do pasado.

Formúlanse 9 unidades didácticas nas que se desenvolverán a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O universo e a Terra	O universo, sistema solar, a Terra e as súas partes, a Lúa.	15	8	X		
2	A representación da Terra.	Coordenadas terrestres, planos, mapas e escalas.	10	7	X		
3	O clima no mundo.	A atmosfera, tempo atmosférico e clima, factores climáticos, os climas no mundo e climogramas	10	8	X		
4	Clima e paisaxe de España e Galicia.	O clima, paisaxes, relevo e rede hidrográfica de España e Galicia. Influencia do ser humano no medio.	15	8		X	
5	Organización política e territorial de España e Galicia	A constitución, organización territorial e política de España e Galicia, a diversidade cultural e lingüística.	10	8		X	
6	A poboación en España e Galicia.	Características e distribución da poboación, movementos migratorios, a poboación de España e Galicia, actividades podutivas e económicas	10	8		X	
7	A Idade Media.	Inicio da Idade Media, os pobos xermánicos na península ibérica, Al-Andalus, os reinos cristiáns, o reino de Galicia, arte cristián na Idade Media, o Camiño de Santiago.	15	9			X
8	A Idade Moderna.	O inicio da Idade Moderna, os grandes descubrimentos, monarquías dos Austrias e dos Borbóns, o século de ouro.	10	9			X
9	Visita cultural.	Patrimonio, museos, sitios e monumentos históricos de España e de Galicia.	5	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O universo e a Terra	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	80
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	20
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - A Terra, o universo e o Sistema Solar. Movementos terrestres e fases lunares.

UD	Título da UD	Duración
2	A representación da Terra.	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	20
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Utilizar algunha fonte de información en investigacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - Cartografía, planos, mapas e planisferios. Escalas e símbolos convencionais de mapas, elaboración de itinerarios.

UD	Título da UD	Duración
3	O clima no mundo.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	80
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar, de xeito sinxelo, os elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	20
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - O clima e o planeta. Tipos de clima en Galicia e en España. Elementos e factores climáticos.

UD	Título da UD	Duración
4	Clima e paisaxe de España e Galicia.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	80
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar, de xeito sinxelo, os elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	20
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - O clima e o planeta. Tipos de clima en Galicia e en España. Elementos e factores climáticos. - O cambio climático do local ao global: causas e consecuencias. Medidas de mitigación e adaptación.

UD	Título da UD	Duración
5	Organización política e territorial de España e Galicia	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Coñecer como está conformada a sociedade actual.	PE	90
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia.	Coñecer algunhas institucións autonómicas, estatais e europeas e as súas funcións básicas para manter a paz.		
CA3.4 - Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía.	Coñecer algúns dos órganos de goberno e servizos públicos básicos.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - A cultura de paz e non violencia. O pensamento crítico como ferramenta para a análise dos conflitos de intereses. O recoñecemento das vítimas da violencia. - A organización política. Principais entidades políticas e administrativas da contorna local, provincial e autonómica en Galicia. Sistemas de representación e de participación política. - A memoria democrática. Análise multicausal do proceso de construción da democracia en España. - Galicia. Principais institucións, valores e funcións. - Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

UD	Título da UD	Duración
6	A poboación en España e Galicia.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	70
CA2.3 - Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Coñecer algúns dos órganos de goberno e servizos públicos básicos.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	30
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.		
CA2.4 - Participar con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	Propor solucións básicas para distintos problemas sociais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - O desenvolvemento sustentable. A actividade humana sobre o espazo e a explotación dos recursos. A actividade económica e a distribución da riqueza: desigualdade social e rexional no mundo e en España. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. - Estilos de vida sustentable: os límites do planeta e o esgotamento de recursos. - Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país: diversidade cultural e lingüística de Galicia.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A cultura de paz e non violencia. O pensamento crítico como ferramenta para a análise dos conflitos de intereses. O recoñecemento das vítimas da violencia. - Migracións e diversidade cultural. As principais variables demográficas e a súa representación gráfica. Os comportamentos da poboación e a súa evolución. Os movementos migratorios e a apreciación da diversidade cultural. Contraste entre zonas urbanas e de - Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. - Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarios. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.

UD	Título da UD	Duración
7	A Idade Media.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade.	PE	90
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a identidade de xénero.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais). - O tempo histórico na Idade Media: o Camiño de Santiago, o Románico e o Gótico, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.

UD	Título da UD	Duración
8	A Idade Moderna.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade.	PE	90
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a identidade de xénero.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais). - O tempo histórico na Idade Moderna: os descubrimentos, o Renacemento e o Barroco, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.

UD	Título da UD	Duración
9	Visita cultural.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.	PE	80
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	20
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Utilizar algunha fonte de información en investigacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual.
- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais).
- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual.
- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

realizaranse visitas, saídas con preparación previa, observación directa e posta en común.

Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.

- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada.

- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas.

- Levarán a cabo unha autoavaliación nalgunhas tarefas individuais e colectivas, sendo o propio alumnado quen revise e avalíe a súa propia produción na procura de erros e de mellora.

- Contemplarase unha progresividade e consolidación, de maneira que todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente.

- Terase en conta a diversidade, respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe.

- Empregaranse as TIC como elemento que facilita a construción de aprendizaxes.

En cada trimestre, realizaremos unha actividade ou proxecto relacionado coas unidades didácticas traballadas:

1º Trimestre: Afondar no estudo das capas da terra e investigar sobre a formación da corteza continental, importancia das placas tectónicas,...

2º Trimestre: Realizar un proxecto sobre as eleccións. Escoller aos representantes do alumnado mediante un proceso verdadeiro de eleccións. Elaborar a campaña electoral, constitución de mesa, proceso de votación e certificación dos resultados.

3º Trimestre: Elaborar un titorial explicativo (vídeo, presentación ou outro medio) sobre como era o modo de vida na Idade Media.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro dixital

Ordenador de aula e encerado dixital
Globo Terráqueo
Mapas e planisferios
Google Earth
Libreta ou caderno
Portátil do alumno
Láminas con pirámides poblacionais, diagrama de barras, circulares,...
Recursos dixitais
Saídas : visita ás igrexas de Hospital e A Ermida, ao castelo de Ponferrada , á catedral de Santiago e ao Museo do Pobo Galego.

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos para ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa.

O alumnado traballará fundamentalmente co equipo dixital persoal, pero tamén se utilizará o caderno, fotocopias, murais,... como complemento ás ferramentas dixitais. As saídas serán un bo recurso para coñecer e valorar in situ aqueles aspectos que queiramos coñecer, identificar, valorar,...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras sesións do comezo do curso para obter información sobre o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior.

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades interactivas ...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

Asemade, revisarase o expediente de cada alumno/a para ter unha maior información personalizada.

O proceso de ensinanza e aprendizaxe de alumnos e alumnas diríxese cara o logro dunha serie de obxectivos, o que implica partir dun "estado inicial" (que debe coñecerse) sobre o que se irán operando os cambios producidos polo proceso de ensino-aprendizaxe.

O coñecemento dos niveis, características e necesidades dos alumnos permitirannos tomar unha serie de decisións relativas a:

- planificar e programar as actividades docentes.
- adoptar medidas de atención á diversidade na aula.
- metodoloxías a empregar.

Os resultados da avaliación inicial, serán introducidos pola titora na aplicación XADE.

As familias serán informadas de forma global no mes de setembro, durante a reunión colectiva coas familias e de xeito individual a través de entrevistas individuais coas mesmas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	10	15	10	10	15	10	5	100
Proba escrita	80	80	80	80	90	70	90	90	80	82
Táboa de indicadores	20	20	20	20	10	30	10	10	20	18

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerese da media ponderada obtida entre as cualificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Tamén, empregaremos as diferentes probas escritas (test, preguntas abertas, resposta curta...) ao remate de cada UD.

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.3 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.4.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

A avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da Educación Primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. A aula de 5º de primaria disporá este curso académico con profesorado PROA+ profesorado de PT e AL. De ser necesario deberíase ter en conta a dispoñibilidade do profesorado para apoios dentro da aula para poder ampliar o RE.

.Se na nosa aula dispoñemos de alumnado repetidor/a de curso, aplicaremos un plan específico de reforzo, deseñado en conxunto co Departamento de Orientación.

Se na nosa aula dispoñemos de alumnado procedente do estranxeiro, deberá seguir un plan de inmersión lingüística

e reforzo específico.

O ter EDIXGAL na aula facilita que cada alumno/a realice tarefas graduais e máis personalizadas acordes coas súas capacidades persoais, podendo ampliar ou reforzar aspectos determinados.

O modelo de traballo por equipos colaborativos permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que uns axúdanse aos outros.

Nas actividades grupais prestarase especial atención ao alumnado con máis dificultades, e asignaráselle maior responsabilidade a aqueles con maior destreza neste eido, se ben todos e todas deberán pasar por ese rol nalgún momento, dándolle as ferramentas oportunas.

Cando o alumnado non poida asistir ao centro docente por causas xustificadas terá atención virtual por EDIXGAL, videoconferencias por plataformas corporativas, comunicación por mensaxería Abalar e/ou por correo corporativo.

Posto que cada estudante difire doutros na súa forma de procesar a información, de relacionarse cos demais e o seu entorno, de percibir sentimentos e emocións e de manifestar unha ou outras habilidades, é preciso seguir un modelo inclusivo que pretende adaptarse a calquera estudante baixo calquer situación.

Así, seguiranse as seguintes pautas do Deseño Universal de Aprendizaxe:

- Variar o nivel de esixencia
- Fomentar a colaboración.
- Facilitar estratexias e habilidades persoais para afrontar os problemas da vida cotiá e desenvolver a autoavaliación e a reflexión.
- Clarificar o vocabulario e os símbolos.
- Activar coñecementos previos, destacar características fundamentais, ideas principais, palabras clave, ...
- Realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos,...
- Guiar o procesamento da información, a visualización e a manipulación.

O protocolo de protección de datos estará presente en todo momento e en cada unha das actuacións, así como calquer outro protocolo que sexa necesario.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade		X						
ET.6 - Espírito científico	X	X	X					
ET.7 - Espírito do emprendemento		X			X	X		
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X	X		X		

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Fomento da creatividade	X
ET.6 - Espírito científico	
ET.7 - Espírito do emprendemento	X
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X
ET.9 - Educación para a Paz	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	

Observacións:

A área de Ciencias Sociais debe proporcionar ferramentas que promovan a inclusión do alumnado nun mundo máis xusto, solidario e sustentable. De aí que contemplemos a riqueza pluricultural, a resolución pacífica de conflitos e a igualdade entre homes e mulleres como eixos fundamentais do noso proceso de ensino-aprendizaxe.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Samaín	Costumes celtas	X		
Charla Plan Director	Asistencia ás charlas informativas da Garda Civil sobre perigos e riscos que poden xurdir no uso de internet e as novas tecnoloxías.	X		
Visita á igrexa de A Ermida e á igrexa de Hospital percorrendo a pé un tramo da "Ruta da Encomenda"	Visita ás igrexas de A Ermida e Hospital para coñecer unhas construcións salientables en Quiroga. Camiñata pola Ruta da Encomenda de gran tradición na zona. Ambas actividades están enmarcadas no PDI do centro deste curso: "Un territorio con moita historia":	X		
Día da Paz e da Non Vilencia	Fomento da resolución pacífica de conflitos	X	X	X
Visita ao castelo de Ponferrada	Visita ao castelo de Ponferrada que posúe un estado de conservación que permite coñecer as diferentes partes de que consta un castelo.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no Colexio do Benquerer.	Participación do alumnado para traballar a educación afectivo sexual dunha maneira integral, cunha base de igualdade respecto á diversidade, educación emocional e fomento do pensamento crítico.	X	X	X
Visita á catedral de Santiago de Compostela, ao Museo do Pobo Galego e ao Panteón de Galegos Ilustres.	Visita á catedral por dentro para valorar o seu conxunto arquitectónico . Visita ao Museo do Pobo Galego, un espazo que recolle elementos da nosa etnografía, cultura e tradición.			X
Participación en todas as actividades planificadas polos equipos e departamentos e desde Plan Convivencia, Plan Igualdade e Plan de Benestar Emocional.	Participación en todas as actividades dos equipos e departamentos do centro.	X	X	X

Observacións:

Dentro das actividades complementarias deseñáronse algunhas que teñen como referencia un contido específico que servirá como motivación para desenvolver contidos transversais que estrán presentes en todo o curso e en toda acción e relación educativa. Cobra tamén especial importancia o PDI proposto desde o equipo de biblioteca deste curso escolar: " Quiroga, un territorio con moita historia".

- A visita ás igrexas de Hospital e A Ermida están relacionadas co C4.5 : "O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación".

- A charla do Plan Director da Garda Civil está relacionado con CA1.1 : "Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente , buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.

- A celebración do Día da Paz está relacionada co CA3.3 : "Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha intención respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta..."

- Visita ao castelo de Ponferrada (no segundo trimestre) e visita á catedral de Santiago (no terceiro trimestre) están relacionados con C4.2 : " O tempo histórico na Idade Media" e con C4.4 : " As expresións artísticas e culturais medievais".

- Participación no programa "Colexio do Benquerer" con actividades durante todo o curso, está relacionada con CA 3.2 : " Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Conseguise motivar ao alumnado?
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas actividades ou probas?
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisa?
Adáptanse as probas aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe?

Descrición:

Distinguiremos dous momentos para levar a cabo dita avaliación: durante a UD e ao remate da mesma. Estes dous momentos, teñen a finalidade de obter a información precisa para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. Nas reunións de equipo de ciclo mensuais levarase a cabo un seguimento, análise e valoración da programación que se recollerá nunha escala de valoración.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

O seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación serán levadas a cabo nas reunións de equipo de ciclo e recollerase nas actas das mesmas. Inclúiranse as medidas de atención á diversidade, se se introduciron, as modificacións, modificación do número de sesións, ... e as propostas de mellora na aplicación Proens. Esta acción terá unha periodización mensual ao remate de cada UD.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, co gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

9. Outros apartados